






Profe,
e agora que faço?




JOSÉ CARLOS ROMÁN



DAVID LORENZO



Profe,
e agora que faigo?



JOSÉ CARLOS ROMÁN | DAVID LORENZO

Dedicado a todas as nenas e nenos,
familias e docentes que, con tanto esforzo,
lograron que este virus non nos impida
seguir a aprender desde a casa.



AGRADECEMENTOS:

Iolanda Mato
Josep María Teixell
Emily Johnson Stammers
Alberto Rodríguez

TRIQUETA VERDE

Travesía de Vigo, 80 10° B
36206 Vigo (Pontevedra)
www.triquetaverde.com
clientes@triquetaverde.com
Tradutora: Iolanda Mato
© do texto: José Carlos Román
© ilustracions: David Lorenzo
© desta edición: Triqueta Verde, S.L.U.
Coordinador: Víctor J. Mascato

1.ª Edición: 2020
ISBN: 978-84-941860-3-5
Reservados todos os dereitos.

Seguenos en:  @triquetaverde  @triquetaverde



Durante as semanas que un estraño virus non nos deixa saír da casa non podemos ir ao noso colexio, así que... trouxemos o cole á casa!

Coa axuda dos nosos mestres e das nosas familias son moitas as cousas que podemos facer para aprender e divertirnos á vez.







Si, si, aprender pode ser
moi divertido!



Podemos escribir os nomes dos nosos familiares e facer unha “árbore xenealóxica”. Ata onde serías quen de chegar? Sabes como se chamaba a túa tataravoa?



Serías quen de escribir o teu nome co pé? E debuxar un can ou un avión? Se cadra sorpréndeches o resultado... ou ao mellor dáche un ataque de risa!





Convértete nun pirata! Podes agochar un tesouro sen que ninguén o vexa. Despois, debuxa un plano da túa casa e sinala o lugar onde o agochaches. Serán capaces de atopalo os demais?



Colle a túa cámara de fotos e fai un “safari matemático”. Busca por toda a casa as matemáticas que están agochadas. Faílle fotos, por exemplo, ás formas xeométricas ou aos números que atopes.





Escollede entre toda a familia un cadro famoso e recreádeo co que teñades pola casa (teas, disfraces...). Podedes facer un concurso por equipos para ver quen recrea mellor o seu cadro!

Escolle un membro da túa familia. Fai un retrato seu e escribe o que máis che gusta del ou dela. Logo regálallo para que lembre sempre este día.





Sabes que as sombras se poden debuxar? Colle algúns xoguetes ou outros obxectos que haxa pola casa, colócaos diante dunha luz e debuxa nun papel a silueta das súas sombras. Despois coloréaaas e ponlles un nome.



Imaxina que es un presentador da tele e
que tes que **entrevistar o coronavirus**.
Que lle preguntarías?







Tamén é moi divertido facer teatros de sombras.



Recorta siluetas dos personaxes dos teus contos favoritos e cólaas nun pau. Cunha caixa de zapatos podes facer o teatro, recortándolle un cadrado e poñendo un papel branco. Despois, coloca unha luz detrás da caixa e representa o teatro para a túa familia.

Escribe cartas, moitas cartas... millóns de cartas! a todas as persoas que agora non podes ver para contarlles canto as queres e as cousas que ides facer xuntos cando vos vexades.





Con este libro gratuito intentamos pór o noso gran de area para que estes días de confinamento sexan máis levadeiros para os nenos e nenas e amosar así que, aínda que non poidamos ir ao colexio, desde a casa podemos seguir a aprender facendo actividades lúdicas e divertidas. Porque aprender non ten que ser sinónimo de aburrimento.

Amigos e amigas, seguro que pronto venceremos este virus e poderemos volver ao colexio!



9 788494 186035

